

Rodinka, 10 de novembro de 1916

Querido pai:

A verdade é que levo meses agardando a súa carta, de feito segundo a recibín fun correndo a xunto do sacerdote para que me axudara a leela, por certo, da súa parte un saúdo. Tamén pode estar seguro de que farei todo o que me pide nela.

Aquí as cousas non parece que vaian nada mellor. Fai dous meses subiron os impostos. Estanos costando bastante, a mamá máis eu traballamos o dobre ca antes, pero aínda así somos catro bocas que alimentar e o pequeno Miroslav non traballa pero ten que comer. Tivemos que vender unha das vacas que tiñamos, pero aínda que nos coste pagar imos a facer todo o posible aquí, na retagarda, para apoialos a vostedes. Mamá está bastante mal, pásase as noites sen durmir, rezando para que non lle pase nada a vostede. Imaxínese o feliz que estará ao recibir a carta seguro que máis do que o estou eu agora mesmo. Por outra banda, o meu amigo Pitr dixo que seu irmán fora a unha reunión a Moscova, e que iban a cambiar as cousas na nosa amada patria. Non sei a que se refire pero dixo que sería un cambio cara un futuro mellor. Para min será un bo futuro sempre e cando vostede esteña connosco.

Tamén me alegro moitísimo de que poideran gañar a batalla, teñen que derrotar aos austrohúngaros e aos alemáns, que segundo dixo o encargado do noso grande Tsar Nicolao II, eles eran despiadados e que acabarían coa nosa amada Rusia se lles deixaran vostedes. A carta dareilla ao sacerdote que dixo que ía a facerlles unha visita e para dar unha misa cerca do Nadal, espero que lle chegue.

Confío en que Deus o traia de volta á casa canto antes. Espero levantarme mañá e velo aquí. Con todo o meu amor e o de todos

Svetlana Petrova